

A FOLLA QUE VOA

(CONTOS DO TIO-VIVO)

Xosé Salvadores*

Se tivese que escoller entre os fenómenos naturais que perdín á saída da estación máis escura, diría tres: a floración dos salgueiros, o canto dos paxaros e a revoada das bolboretas.

Sirva como exemplo unha bolboreta, porque cando nas fragas aínda non pasaron de todo os fríos e silencios do inverno, se un día o sol quece o mundo, a bolboreta limoeira xa estará brincando no ar, alegrando a vista e anunciando que vén a primavera.

A limoeira é a bolboreta *Gonepteryx rhamni* coñecida pola súa cor, que tan ben define o seu nome común. Os dous xéneros son averdugados, sendo o macho o que realmente é de cor amarela-limón, mentres que a femia é moito máis clariña, tirando a branco-verdosa. Os dous sexos teñen catro puntinhos nas ás de cor alaranxada.

A silueta que forman as ás cando as ten recollidas é singular: está apuntada na cima, no ápice das ás anteriores, e ten un pico no medio das redondeadas ás posteriores. Esta

forma, xunto coas cores e as veas, marcadas nun ton máis claro, fan que imite moi ben unha follina tenra coas súas nervaduras. Supoño que esta morfoloxía faina pasar desapercibida para evitar os que viven a conta dela; iso sempre que estea pousada, porque en voo a súa cor faina moi evidente.

Esta evidencia fai que podamos vela voar con moita frecuencia por todo o noso territorio e en lugares tan diversos como fragas, parques, monte baixo ou terras cultivadas. Quizais porque a eiruga, a pesar de ser practicamente monófaga, xa que come case en exclusividade unha especie vexetal, pode atopar o sanguíño por todos os ecosistemas, ao ser este un arbusto dos máis comúns na Galiza (hai autores que din que o espiño *Rhamnus cathartica* tamén lle serve de alimento).

Ver voar a limoeira é unha ledicia, destacada por algúns naturalistas. Deixa patente a súa habilidade para dominar a arte de voar cando realiza o voo nupcial: a femia, marcando o

camiño, é seguida polo macho que vai facendo os mesmos caneos e sempre á mesma distancia, como se estivesen xunguidos por un invisíbel fío.

Pero o máis sorprendente da limoeira é o seu ciclo biolóxico. O feito de ser das primeiras en anunciar o cambio de estación explícase porque resiste as baixas temperaturas, o cal a fai diferente. Ten a vida moito máis longa que moitas das súas colegas lepidópteras. A época de voo vai desde mediados do verán até a primavera seguinte, é dicir, hiberna! Os líquidos corporais, mestura de auga, sales e proteínas, anticongelantes naturais, permítenlle resistir o frío sen especial protección. Non é raro, pois, velas evolucionar no ar en pleno inverno.

Para pasar con éxito os longos e duros períodos nos que vive, moito frío ou moito calor, carga enerxía co néctar das flores ou repousa. Cando se pon en movemento é inqueda, non ten parada e dá xenio vela libando nos chuchameles ou nos xeranos venturosos.

Pero estes mecanismos de supervivencia fana vulnerábel, xa que nos invernos cálidos o consumo enerxético é maior e pode acabar coas súas reservas.

Había unha antiga predición na cultura popular que Montse, en Baralla, e Ánxel, en Agolada, teñen escoitado. Decía: "Cando non se recoñezan as estacións do ano e cando o mundo estea cruzado de camiños, virá o fin do mundo".

Non quero ser agoireiro, pero o que está pasando a nivel climático e o non parar de abrir estradas por todo o territorio, a min paréceme que non traerá nada bo. Non estaría mal reparar na evolución desta especie, e nalgunhas outras, para ver se é verdade que estamos nas portas da catástrofe final.

* Xosé Salvadores é o vogal de Biodiversidade de ADEGA.



Xosé Salvadores